



COORDINADORA GALEGA DE ONGD

Decálogo eleccións municipais 2011

As ONGD presentamos 10 propostas para loitar contra a pobreza e acadar un desenvolvemento humano ambientalmente sustentable.

Contra a pobreza, **ELIXE un goberno**

1. **Solidario**, en termos de xustiza ecosocial implicándose coas persoas máis empobrecidas e vulnerables de aquí e de aló, e coa protección do medio ambiente que as sustenta.
2. **Comprometido**, que invista nas persoas máis empobrecidas e vulnerables, que non recorte o gasto social e que aplique políticas de consumo responsable. Que asuma adicar o 0,7 do orzamento consolidado a Axuda ao Desenvolvemento no 2015.
3. **Dialogante**, que busque acadar o maior consenso na loita contra a pobreza e a manteña fora do debate partidista, a través da sinatura/cumprimento do Pacto contra a Pobreza.
4. **Defensor** das políticas de participación e transparencia recoñecendo as organizacións sociais como un actor clave no exercicio democrático, por ser os representantes directos da cidadanía.
5. **Concienciado**, que impulse a Educación para a sustentabilidade e a cidadanía global, como unha ferramenta imprescindible na xeración de pensamento crítico para a loita contra a pobreza desde un senso máis amplo.
6. **Coherente**, que teña como principio orientador da acción do conxunto do seu goberno, a solidariedade, a xustiza ecosocial, as políticas activas para un desenvolvemento sustentable e a defensa dos dereitos humanos.
7. **Participativo** na construción das políticas públicas, aberto ao traballo conxunto coa sociedade civil, priorizando a creación e, no seu caso, a consolidación de órganos de participación con carácter non só consultivo senon preceptivo.
8. **Transparente**, que rinda contas de cara á cidadanía, facendo pública a execución orzamentaria e a memoria anual.
9. **Eficaz** na xestión dun modelo económico e social ambientalmente sustentable, cos medios suficientes para supeditar o desenvolvemento económico á capacidade dos ecosistemas acadando así un impacto máis positivo na vida das persoas máis empobrecidas e vulnerables.
10. **Implicado** coa erradicación da pobreza extrema ata o 2015, baixo o principio da promoción da sustentabilidade ambiental orientando toda a acción de goberno cara este obxectivo.